



***José Lage Lis e José Sanmartín Pérez,
protagonistas no acto celebrado en Arteixo***



O pasado sábado 4 de agosto dábanse cita máis dun centenar de aficionados ó deporte cinexético no restaurante 'Casa Lola' de Arteixo, para entregar sendos recoñecementos ós deportistas de San Huberto José Lage Lis e José Sanmartín Pérez.

O ferrolán José Lage Lis, como vencedor da primeira edición do 'Can de Ouro' de San Huberto, disputado como unha liga de 7 probas repartidas en 3 anos consecutivos, todas elas puntuables para a Copa Federación da modalidade, recibía o trofeo do mesmo nome. O ordense Pedro Rodríguez Sanjurjo, como segundo clasificado,

recibía o 'Can de Plata', mentres que o ribeirense Eloy Rodríguez recibía o 'Can de Bronce' como premio ó seu terceiro posto.

O outro protagonista do acto foi o tamén ferrolán José Sanmartín, que en recoñecemento ós seus méritos deportivos -que inclúen o último campionato do mundo de San Huberto por equipos-, recibía diversos galardóns por parte da Federación Galega de Caza de mans do seu Presidente, así como da Federación Provincial de Caza de A Coruña e da Sociedade 'Amigos dos Cans de Caza', así como de diversas entidades, sociedades e particulares.



Gabinete de Comunicación
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA
www.federaciongalegadecaza.com